

SE QUERES SER UN COIDADOR RESPONSABLE
QUE POIDA GARANTIR AO NOVO MEMBRO
DA FAMILIA A CALIDADE DE VIDA QUE SE MERECE,
asegúrate de que....

1

**Coñeces as implicacións
que terá na túa vida**

2

**Es consciente de
a responsabilidade que supón**

3

Dispoñes de tempo e espazo

4

**Informácheste sobre as
características, carácter e vitalidade
do animal**

5

**O entusiasmo por compartir a túa vida
cun animal non é pasaxeiro.**



**A tenencia responsable
é un compromiso para toda
a vida do animal**

Pénsao!



Edita: ©Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030
2025 - Secretaría General Técnica
<https://cpage.mpr.gob.es/>
NIPO en línea: 233-25-004-X
Diseño e maquetaxe: Grupo Asis Biomedica S.L.



*Coñeces as túas obrigacións como
responsable de animal de compañía?*

**Constrúe o fogar
que necesitan**

Por unha tenencia responsable



Coñeces as túas obrigacións como responsable de animal de compañía?

ADEMAIS DE CUBRIR AS SÚAS NECESIDADES NO TEU FOGAR, DEBES ASEGURAR A CORRECTA CONVIVENCIA SOCIAL



- Infórmate sobre a obrigatoriedade de **identificar** ao teu animal de compañía.




- Pregunta as **normas** da túa comunidade de veciños sobre a tenencia de animais e a ordenanza sobre animais do teu municipio, así como as normas para pasear ao animal nas zonas ás que ten acceso na vía pública.



- Pregunta ao teu veterinario sobre as **vacinas** e tratamentos obrigatorios na túa Comunidade Autónoma, e asesórate para tomar a decisión correcta e evitar que os animais se reproduzan sen control.




- Recole sempre os excrementos** que deposite na vía pública.



- Respecta a normativa de seguridade **viaria** cando viaxes co teu animal no coche, e lembra EVITAR deixar ao animal só dentro do coche.



- Coñece a **normativa sobre autobuses**, metro ou outros medios, que pode variar en función do municipio de que se trate.



- Se viaxas sen o teu animal de compañía, asegúrate de que **alguén o coidará** ou lévao a unha residencia autorizada.



- Se viaxas a outro país leva contigo o **pasaporte** para animais de compañía europeo ou o correspondente certificado veterinario esixido polo país de destino e infórmate dos requisitos tanto á entrada nese país como á volta a España.